

## ASPECTOS CHAVE DO GENERATION KWH

### OBXECTIVOS:

- Obter financiamento para a construción e posta en marcha de prantas de produción de enerxía eléctrica de fontes renovables de diversas tecnoloxías como a fotovoltaica, a eólica e a mini hidráulica.
- Ligar a produción das prantas de produción de enerxía eléctrica de Som Energia co consumo de enerxía eléctrica da persoa socia que achegue o financiamento.
- Ofrecer á socia interesada a posibilidade de comprar enerxía renovable ao prezo resultante dos custos de xeración das Prantas Asociadas de Som Energia, salvando así os inconvenientes actuais que afectan á autoprodución individual de electricidade e á retirada de incentivos aos proxectos de produción de enerxías renovables.

### Quen realizará os investimentos?

Os investimentos poderanse realizar directamente a través da cooperativa, das sociedades vehículos propiedade de Som Energia ou de propiedade compartida con outros actores do mercado ou calquera outra estrutura xurídica que se considere 'apta' no seu momento.

### Funcionamento e condicións

- A persoa socia realiza un préstamo a favor de Som Energia
- O capital mínimo a achegar é de 100 euros e o límite máximo vai en función da electricidade que se utiliza anualmente.
- Som Energia garante que o capital do préstamo se devolverá na súa totalidade en 25 anos. A primeira cota de retorno do préstamo farase efectiva dous anos despois da aceptación do contrato.
- O capital devolverase unha vez ao ano repartido en 23 cotas iguais e unha última cota do dobre das anteriores.
- O préstamo non xerará interese a favor da socia.
- A socia que achegue financiamento terá acceso ao sistema de autoprodución colectiva durante 25 anos e pagará o prezo resultante dos custes de xeración das Prantas (Prezo Generation kWh), diferente ao prezo de mercado da electricidade. A Asemblea Xeral revisará anualmente este prezo en función de criterios obxectivos establecidos nas condicións xerais do contrato:
  - custes de mantemento.
  - imposto de xeración.
  - custes de xestión.
  - amortización lineal durante 25 anos ou durante a vida útil do proxecto.
  - etc.
- O Prezo Generation kWh aplicarase exclusivamente á cantidade de electricidade que lle corresponda á socia en función do importe do préstamo achegado.
- Asignarase unha acción enerxética por cada 100 euros de préstamo achegado.
- O número de kWh que corresponderán a cada Acción Enerxética establecerase en función da produción real das Plantas Asociadas ao sistema Generation kWh.

- A ratio kWh por Acción Enerxética variará para cada período de tarificación segundo a tarifa eléctrica contratada coa cooperativa.
- Pola contra, o prezo medio do custe de xeración das prantas Generation kWh (Prezo Generation kWh) manterase igual en todos os períodos e durante todo o ano.
- Establecerase un período de carencia inicial dun ano (excepcionalmente 1 ano e medio) necesario para construír e poñer en marcha as Prantas Asociadas. Aplicarase o prezo Generation kWh ao finalizar o período de carencia.
- A socia e Som Energia poderán optar por devolver á socia de forma anticipada (antes da finalización dos 25 anos) o capital do préstamo (total ou parcialmente) e saírse do sistema de autoprodución colectiva. Porén, esta opción aplazarase no caso de que o conxunto de préstamos a devolver anticipadamente, no curso dunha anualidade, supere o 5% do importe global pendente da amortización, co fin de asegurar a viabilidade das Prantas. Se unha socia exerce esta opción, deberá pagar un cargo correspondente ao 4% do importe do préstamos pendente de amortizar.
- A socia poderá redistribuír a electricidade que lle correspondan entre os seus contratos de electricidade que teña coa cooperativa ou tamén ten a opción de ceder ou vender o contrato a outro membro de Som Energia.
- No caso de falecemento da persoa socia titular do contrato, o seu sucesor ou sucesora poderá optar por exercer o dereito de retorno anticipado do préstamo (sen ningún tipo de custo) ou optar por continuar a relación xurídica con Som Energia coas mesmas condicións.
- Emisión só para socias de Som Energia. De forma excepcional, a titular dun contrato de subministro con Som Energia non-socia poderá beneficiarse do Prezo Generation kWh se a titular do préstamo é a socia.

**Factores de risco (económicos, xurídicos e técnicos) a ter en consideración antes de facer a súa achega:**

O Prezo Generation kWh determinarase en función dos custes reais de produción da enerxía eléctrica das Prantas de Som Energia asociadas ao Generation kWh. Polo tanto, o prezo Generation kWh non se verá afectado pola evolución do prezo da electricidade no mercado. A estes efectos, deberanse ter en conta os seguintes factores:

1. A vantaxe de optar polo sistema de autoprodución colectiva dependerá tanto dos custes reais de xerar a electricidade nas Prantas como da evolución do prezo de mercado da electricidade (se este sobe a operación será mais rendible e viceversa).
2. Trátase de proxectos de enerxías renovables, é dicir, proxectos a longo prazo sometidos a diferentes vicisitudes.
3. As condicións meteorolóxicas varían cada ano e terán a súa influencia sobre a produción.
4. Dependendo de que proxectos os trámites administrativos poden demorar a posta en marcha.
5. Pártese da base da inexistencia de primas para a venda de enerxía renovable.
6. O diñeiro investido non está cuberto polo Fondo de Garantía de Depósitos xestionado polo Banco de España.

7. Som Energia, como calquera outra empresa, podería chegar a entrar en suspensión de pagos. Nesta situación, a prelación de pagos do diñeiro pendente sería: primeiro as débedas coa Administración, despois coas persoas traballadoras, despois os créditos, os títulos participativos, o capital social voluntario e, finalmente, o capital social obrigatorio.
8. O sistema adoptado minimiza a posibilidade de que Facenda poida considerar a diferenza entre o Prezo Generation kWh e o prezo da electricidade no mercado como rendemento do préstamo. De todos xeitos, posibles mudanzas legislativas así como interpretacións alternativas fan que esta posibilidade non se poida descartar totalmente.

### **Recomendación**

Trátase dun préstamo a longo prazo.

**Así pois, recomendamos investir só o diñeiro que, previsiblemente, non ides necesitar. Tamén se recomenda non asociar a esta operación ningunha rentabilidade específica xa que as vantaxes ou non da mesma dependen de múltiples factores moi difíciles de anticipar.**